

BANDO

DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO,

FAI SABER

Que no **BOE Núm. 79 do domingo 22 de marzo de 2020** publicouse a **Orde SND/271/2020 do Ministerio de Sanidade** establecendo **instrucións sobre a xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**.

No que aos residuos domésticos se refire, de competencia municipal, no ANEXO desta orde especifícanse as seguintes recomendacións en canto ao **manexo de residuos nos fogares**:

- Fogares con positivos ou en coretena por COVID-19:

Os residuos do doente, incluído o material desbotable utilizado pola persoa enferma (luvas, panos, máscaras), débense eliminar nunha bolsa de plástico (bolsa 1) nun cubo de lixo disposto na habitación, preferiblemente con tapa e pedal de apertura, sen realizar ningunha separación para a reciclaxe.

A bolsa de plástico (bolsa 1) debe pechase adecuadamente e introducirse nunha segunda bolsa de lixo (bolsa 2), á beira da saída da habitación, onde ademais depositaranse as luvas e máscara utilizados polo coidador, e pecharase adecuadamente antes de saír da habitación.

A bolsa 2, cos residuos anteriores, depositarase co resto dos residuos domésticos na bolsa de lixo (bolsa 3) correspondente ao cubo de fracción resto.

Inmediatamente despois realizarase unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos.

A bolsa 3 pechada adecuadamente depositarase exclusivamente no contedor de fracción resto.

- Fogares sen positivos ou coretena:

A separación dos residuos realizarase como se ven facendo habitualmente, tratando de maximizar a devandita separación ao obxecto de reducir a fracción resto xerada. As fraccións separadas só se depositarán nos contedores correspondentes.

As luvas de látex ou nitrilo empregadas para outros usos non deben depositarse no contedor de envases lixeiros (amarelo), senón no de resto.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ribadeo, 23 de marzo de 2020

O ALCALDE,

Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

